



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA

Informe climatolóxico

Mes de outubro 2008

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE OUTUBRO 2008



1.- Resumo

Mes seco, agás no litoral norte, con temperaturas por debaixo da media.

O mes de outubro queda caracterizado polo predominio anticiclónico e polo tanto pola ausencia de chuvias, principalmente nas primeiras tres semanas do mes. Soamente os derradeiros 7 días, coa chegada dunha masa de aire frío e húmido se deu for finalizado o predominio da estabilidade. Así, o primeiro día do mes unha cuña anticiclónica illaba Galicia dos centros de baixas presións que nesa data afectaban ó norte de Europa. A partir do día 2 esa cuña foise debilitando, propiciando o achegamento de aire frío e unha borrasca, que deixou nubes e algunha chuva feble nos días 5 e 6, acadándose chuvias máis xeneralizadas e importantes na xornada do 7, con rexistros superiores en xeral ós 20 mm nas primeiras 12 horas desa xornada. Ese mesmo día tivo lugar unha importante melloría e o dominio anticiclónico restableceuse ata o día 16, e dicir 10 xornadas consecutivas de tempo seco e soleado polas tardes. Estes período caracterizouse polas baixas temperaturas na madrugada e a formación de bancos de néboas, pero tamén por temperaturas altas nas primeiras horas da tarde, particularmente nas xornadas entre o 10 e o 12, con temperaturas superiores ou moi próximas ós 25°C. O día 16 tivo lugar a chegada dunha borrasca cunha nova fronte asociada, que deixou unha segunda xornada no mes de chuvias xeneralizadas, aínda que non tan cuantiosas como no día 7. Para a chegada da terceira fronte do mes hai que agardar ata o 21, cun novo episodio anticiclónico entre estas dúas fronteas. Antes da chegada dun embolsamento de aire frío durante a xornada do 27, Galicia disfrutou aínda de 5 xornadas estables, de tempo novamente moi soleado polas tardes, aínda que frío na madrugada. Os derradeiros días do mes estiveron caracterizados pola chegada da masa de aire frío que deixou a cota de neve en torno ós 1000 metros de altura e chuvascos intermitentes, máis intensos na metade norte de Galicia.

Precipitación: As chuvias de Galicia durante este mes de Outubro débéronse esencialmente o paso de 3 fronteas con diferente actividade nos primeiros 25 días, seguidos de 5 días finais con chuvascos, que no litoral norte foron de intensidade moderada en moitos momentos, mentres que no resto de Galicia tiveron un carácter máis esporádico. Isto explica que a única zona de Galicia onde as chuvias foron normais, ou incluso estiveron lixeiramente por riba da media, foi o litoral norte de A Coruña e Lugo, mentres que no resto o mes debe ser considerado seco ou moi seco.

Temperatura: As temperaturas medias estiveron por debaixo da media. Isto débese a que as mínimas foron en xeral baixas, ben porque os ceos quedaban despexados ou ben debido á chegada de aire frío dos últimos días do mes. Cabe destacar por exemplo que nos últimos 13 días as mínimas de Santiago de Compostela estiveron sempre por debaixo dos 10°C. As medias das máximas marcaron valores máis cerca da normalidade, posto que os períodos anticiclónicos máis cálidos das primeiras semanas quedaron neutralizados coa chegada de aire frío tanto ó principio como ó final do mes.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMADS), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual o maior a 1 mm

CIS FERROL

	OUTUBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	14.8	15.7	18.4 (1997)	12.6 (1974)
T ^a mínima media	11.0	12.7	15.3 (1997)	10.2 (1974)
T ^a mínima absoluta	7.0 (día 26)	5.6 (12/10/1999)		
T ^a máxima media	19.3	18.7	21.6 (1997)	15.0 (1974)
T ^a máxima absoluta	27.7 (día 11)	28.0 (6/10/1978)		
Precipitación acumulada	155	92-114	309 (1990)	18 (1978)
Días de chuvia (≥1mm)	12	13	22 (1990)	4 (1985;78)

Comentario:

Mes moi frío en canto ás temperaturas medias e mínimas, pero cálido respecto ás máximas, que quedan por riba do agardado.

En canto á precipitación o mes pode considerarse "húmido", ao superar o rango normal de chuvia para este mes; o número de días de chuvia pode considerarse normal.



SANTIAGO

	OUTUBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.4	14.8	17.4 (1997)	12.3 (1992)
Tª mínima media	9.3	10.6	13.2 (1997)	8.5 (1992)
Tª mínima absoluta	2.9 (día 31)	-0.5 (18/10/1992)		
Tª máxima media	18.4	19.0	22.2 (1989)	16.0 (1992)
Tª máxima absoluta	26.2 (día 11)	30.6 (03/10/1997)		
Precipitación acumulada	97	164-211	604 (1987)	40 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	10	15	23 (1987)	1 (2007)

Comentario:

Mes moi frío en xeral, con temperaturas medias e mínimas máis de 1 °C por debaixo do agardado, mentres que as temperaturas máximas non baixan tanto respecto ao agardado. A precipitación acumulada é moi inferior ao rango normal, polo que o mes pode considerarse moi seco; o número de días tamén é claramente inferior ao valor agardado.*

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido (1982-2003) que o do resto dos casos (1973-2003)

LUGO

	OUTUBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.8	13.1	15.4 (1994)	9.3 (1974)
Tª mínima media	6.6	8.7	10.8 (1994)	5.5 (1974)
Tª mínima absoluta	0.5 (día 23)	-2.0 (19/10/1980)		
Tª máxima media	18.6	17.5	21.2 (1985)	13.2 (1974)
Tª máxima absoluta	25.9 (día 10,11)	31.0 (10/10/1997)		
Precipitación acumulada	61	102-123	394 (1987)	10 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	8	13	24 (1987)	2 (1985)

Comentario:

Mes moi frío respecto ás temperaturas medias e especialmente respecto ás mínimas, uns 2 °C por debaixo do agardado. Respecto ás máximas en cambio, o mes pode considerarse mesmo cálido, quedando 1 °C por riba do valor climático. A chuvia acumulada é moi inferior ao rango normal, o mes pode considerarse "moi seco"; o número de días de chuvia tamén é inferior ao valor climático.



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	OUTUBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	14.2	15.1	17.8 (1989)	11.6 (1974)
Tª mínima media	9.5	10.2	12.7 (1997, 2001)	6.7 (1974)
Tª mínima absoluta	4.1 (día 29)	1.2 (31/10/1974)		
Tª máxima media	20.1	20.0	23.8 (1989)	16.4 (1974)
Tª máxima absoluta	27.5 (día 11)	31.2 (07/10/1989)		
Precipitación acumulada	91	164-210	596 (1987)	24 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	7	13	24 (1987)	1 (2007)

Comentario:

Mes frío respecto ás temperaturas mínimas e mesmo moi frío respecto ás medias (preto de 1 °C por debaixo do agardado). Respecto ás máximas en cambio o mes pode considerarse normal. A precipitación acumulada e o número de días de chuvia son moi inferiores ao agardado, polo que o mes pode considerarse “moi seco”.

OURENSE

	OUTUBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.9	15.1	18.1 (1997)	11.6 (1974)
Tª mínima media	8.8	9.4	12.5 (1981)	4.9 (1974)
Tª mínima absoluta	3.6 (día 29)	-2.0 (31/10/1974)		
Tª máxima media	20.6	20.9	24.8 (1989)	17.8 (1987)
Tª máxima absoluta	27.6 (día 11)	33.0 (3/10/1983)		
Precipitación acumulada	61	75-91	282 (1987)	5.0 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	4	10	24 (1987)	2 (2007)

Comentario:


Mes frío respecto ás temperaturas mínimas e mesmo moi frío respecto ás medias (máis de 1 °C por debaixo do agardado). Respecto ás máximas en cambio o mes pode considerarse normal. A precipitación acumulada está algo por debaixo do rango normal, polo que o mes pode considerarse “seco”; o número de días de chuvia é moi inferior ao agardado.



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


Anomalías de presión en superficie. Mes de Outubro 2008






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.
Mes de Outubro 2008





3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)



Chuvia -- 10/2008

www.meteogalicia.es